

SUBVENCIONS A EVENTOS DEPORTIVOS 2021

O Concello de Ponteareas, é consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas disciplinas, así como da súa importancia para o municipio como impulso económico e promocional da vila. Coñecedor da necesidade do apoio das institucións para promover a actividade deportiva, o Concello establece as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas destinadas a promover, fomentar e impulsar as actividades deportivas segundo os principios de rigor, obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Estas axudas rexeranse polas seguintes

BASES

1) OBXECTO

A finalidade desta convocatoria é apoiar as entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades deportivas durante o ano 2020 e 2021.

Serán obxecto destas axudas os eventos deportivos que organicen as entidades solicitantes durante o exercicio 2020 e 2021 no concello de Ponteareas, que sexan de especial relevancia para o Concello polo seu nivel competitivo, por fomentar a práctica deportiva e pola súa transcendencia desde o punto de vista económico e de promoción do municipio.

2) DOTACIÓN ORZAMENTARIA E IMPORTE DAS SUBVENCIONS

O importe total que se dispón para o outorgamento das subvención a conceder será de 15.000 euros da partida orzamentaria 34000-4890400 .

Este importe será repartido entre os clubs e entidades solicitantes segundo os criterios que se establecen na base sexta.

A subvención nunca excederá de 2.500 euros por club ou entidade solicitante. A cantidade percibida por cada club non poderá superar o 70% do gasto total do evento ou eventos que organice. Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas.

3) ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas axudas as entidades e asociacións deportivas que cumpran as seguintes condicións:

a) Estar legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, e que teñan o seu domicilio social no concello de Ponteareas ou desenvolvan actividades deportivas en Ponteareas.



- b) Atoparse debidamente inscritas no Rexistro Oficial Correspondente.
- c) Non ter ningún tipo de débeda pendente de xustificar co Concello de Ponteareas.
- d) Estar ao corrente das obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda e coa Seguridade Social.
- e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

- Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.
- Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houbera adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclua o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei xeral tributaria.

Non serán obxecto de subvención aqueles eventos deportivos que reciban outras axudas económicas municipais para o mesmo evento.

4) SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN



O procedemento de concesión individual das axudas iniciarase coa solicitude previa do club ou entidade interesada, no formulario que lle facilitará a Administración municipal (anexo I), presentando unha única solicitude por todos os eventos deportivos que organice. Ademais, débese achegar a seguinte documentación obrigatoria:

- a) Anexo III. Memoria explicativa da actividade concreta, con imaxes do evento, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as competicións regulares que se realicen ao longo de todo o ano. Debe ser unha actividade concreta, da que se indicará o lugar e a data de realización. Poderanse presentar tantas memorias como eventos deportivos celebre a entidade, computando para a concesión da subvención o total do sumatorio da puntuación de cada un dos eventos. Todos aqueles criterios aos que concorran deberán ter algún tipo de xustificante válido.
- b) Relación de ingresos e gastos detallado e totalizado das actividades concretas e determinadas, asinado pola persoa representante.
- c) Copia cotexada do CIF.
- d) Copia cotexada do DNI do representante e documento acreditativo da súa representación.
- e) Ficha de terceiros cuberta -aqueles que non a tivesen cuberto noutras ocasións
- f) Certificados da Seguridade Social, Facenda Publica , Axencia Tributaria, Oral e as que fosen necesarias para a comprobación de atoparse ao corrente en obrigas fiscais e coa seguridade social ou autorización asinada para que o Concello consulte os ficheiros (Anexo V)

5) LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN E PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

A convocatoria de subvencións e as presentes bases publicaranse na páxina web do Concello de Pontareas, ademais do taboleiro de anuncios municipal

As solicitudes presentaranse telematicamente a través da sede electrónica do Concello, no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra de prazo.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza o Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

6) VALORACIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios para cada un dos eventos, sendo a puntuación final a suma de cada un deles:



a) **Ámbito e carácter do evento.**

Valorarase, ata un máximo de 25 puntos, o carácter oficial do evento e o seu ámbito comarcal, provincial, autonómico ou estatal.

	Estatal	Autonómico	Provincial	Comarcal
Oficial	25 puntos	15 puntos	10 puntos	5 puntos
Non oficial	12 puntos	7 puntos	5 puntos	2 puntos

Equipos: Considerarase ámbito estatal ao participaren cando menos 2 equipos representando a dúas comunidades autónomas. Considerase ámbito autonómico a participación de 2 equipos representando dúas provincias.

Deportistas: Considerarase ámbito estatal ao participaren cando menos 10 deportistas representando a tres comunidades autónomas. Considerase ámbito autonómico a participación de 10 deportistas representando tres provincias.

b) **Duración do evento**

Valorarase, ata un máximo de 15 puntos, a duración do evento, computándose esta polo número de días de competición.

- De 3 días ou máis: 15 puntos.
- De 2 días: 10 puntos.
- De 1 día: 5 puntos.

c) **Número de edicións**

Valorarase, ata un máximo de 15 puntos, o interese público do evento para o municipio a través do seu historial deportivo en relación co número de edicións

- Máis de 10 anos: 9 puntos.
- De 5 a 9 anos: 6 puntos.
- De 2 a 5 anos: 3 puntos.

d) **Número de participantes**

Valorarase, ata un máximo de 20 puntos, o número de deportistas individuais ou de equipos, tomando como referencia a última edición celebrada. Non se computaran os puntos nos eventos nos que se cobre por participar.



Número de participantes en deportes individuais:

- Máis de 300 deportistas: 20 puntos.
- De 151 a 300 deportistas: 15 puntos.
- De 51 a 150 deportistas: 10 puntos.
- Ata 50 deportistas: 6 puntos.

Número de participantes en deportes de equipo:

- 12 equipos ou máis: 20 puntos.
- De 8 a 11 equipos: 15 puntos.
- De 3 a 7 equipos: 10 puntos.

e) Promoción deportiva

Valorarase, ata un total máximo de 20 puntos:

- A incidencia que represente a celebración do evento desde o punto de vista turístico, promocional da vila, económico, de seguimento e a divulgación a través dos diferentes medios de comunicación galegos e estatais (ata 10 puntos).
- A promoción deportiva referida a deportes tradicionais e deportes minoritarios de difícil captación (5 puntos).
- A promoción deportiva referida a actividades que fomenten a igualdade e a integración no deporte (5 puntos).
- A promoción deportiva referida a actividades para persoas con discapacidade e que fomente a práctica deportiva inclusiva (5 puntos).

f) Achega económica da propia entidade ao financiamento do evento

Valorarase, ata un máximo de 10 puntos, o esforzo financeiro que realice a entidade para o desenvolvemento do evento:

- Máis do 75%: 10 puntos
- Ata o 75%: 7 puntos
- Ata o 50%: 5 puntos
- Do 10 ao 30%: 3 puntos

7) ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

A concesión das axudas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva. O órgano encargado da instrución do procedemento será a persoa encargada do Departamento de Deportes do Concello de Pontearreas que acordará todas as



actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarán a través do taboleiro de anuncios do Concello de Pontareas, na páxina web e a través de notificación persoal.

Mediante proposta de resolución do concelleiro de deportes ou persoa en quen delegue, tras informe do instrutor, publicarase na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva das solicitudes presentadas admitidas e excluídas.

O órgano instrutor, como órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: O Concelleiro de Deportes ou persoa en que delegue.

Vogais: - Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de secretaría.

- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de Intervención.

- Unha persoa do departamento de deportes (con voz e sen voto) que actuará como secretaria da Comisión Avaliadora.

Á hora da valoración, poderá estar presente calquera membro do goberno así como outros técnicos que a Comisión de Valoración estime oportuno, todos eles con voz pero sen voto.

Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Concelleiro de Deportes elevará unha proposta de concesión á Alcaldesa previo informe da Intervención municipal. A Alcaldesa será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

8) XUSTIFICACIÓN

Para o abono de ata o 100% do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cumprimentada:

a) Conta xustificativa das Facturas relacionadas coa actividade subvencionada. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome, apelidos e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria. Non serán admitidas como válidas as facturas que non sexan de material específico da actividade subvencionada.



b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida e declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

c) Memoria cuantificada das actividades realizadas e ingresos obtidos.

d) As actividades subvencionadas terán que ser realizadas no ano obxecto da presente convocatoria.

e) A documentación xustificativa presentarase xunto coa solicitude de axuda, debendo ter en conta que o importe presentado para a xustificación será o máximo que percibirá a entidade. Non serán gastos subvencionábeis:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos que traian causa de dieta dos membros dos clubs ou deportistas, agás nos casos que se xustifique e se constate a asistencia a unha actividade deportiva ou campionato na que se participe.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto d).

Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante o certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta do IVE.

A falla de presentación da xustificación no prazo establecido anteriormente levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas na lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

9) OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Os clubs e entidades beneficiarias e organizadoras dos eventos farán constar en toda información, publicación ou publicidade que se efectúe do evento deportivo que o mesma está subvencionado polo Concello de Pontearreas. Estas publicacións estarán redactadas na nosa lingua propia, o galego.

Deberán inserir o logotipo do Concello nun lugar preferente nos carteis, dípticos e folletos que edite o club ou entidade, en referencia as actividades obxecto de subvención na presente convocatoria.

Estas obrigas deberán acreditarse mediante a achega das correspondentes imaxes.



10) CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

A Delegación de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

11) RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

12) RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público aos efectos oportunos.



ANEXO I – SOLICITUDE

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE:	
DOMICILIO SOCIAL:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	
CORREO-E:	TELÉFONO:

Declaro que:

A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria. Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.

Documentación achegada:

- Anexo II - Declaración responsable de que a entidade non se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario
- Anexo III – Relación de méritos e memoria de eventos
- Anexo IV – Relación de gastos e ingresos
- Anexo V - Autorización para a comprobación de atoparse ao corrente coas administración
- Copia cotexada do CIF
- Copia cotexada do DNI e acreditación de representación
- Ficha de terceiros (no caso de non tela presentado noutras ocasións)

LUGAR E DATA:

En Ponteareas, a de de 2021

SINATURA:



ANEXO II – DECLARACIÓN

D. /D^a....., con DNI nº.....,
como representante da entidade deportiva

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE a entidade non se atopa
incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10
da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houberse adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclua o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas
- c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la Lei xeral tributaria.

Ponteareas, a de de 2021

Asdo:



ANEXO III – RELACIÓN DE MÉRITOS E MEMORIA

CLUB:..... CIF:

EVENTO:.....

Relación de méritos de acordo co artigo 6 das bases:

a) Ámbito e carácter do evento.

Oficial Non oficial

Estatal Autonómico Provincial Comarcal

b) Duración do evento

3 días ou máis Dous días Un día

c) Número de edicións:

d) Número de participantes:

e) Promoción deportiva (detallar na memoria)

f) Achega económica da propia entidade ao financiamento do evento (%):

Memoria da actividade: (descrición do evento, incluíndo os datos concretos da súa celebración, imaxes que o acrediten e a publicidade do mesmo)

Asdo:



ANEXO IV – MODELO DE RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO EVENTO

1.- GASTOS

CONCEPTO	FACTURA (nº, data,...)	IMPORTE
TOTAL		

2.- INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

E para que así conste perante o Concello de Ponteareas, aos efectos da subvención a conceder por esta institución, acompaño os documentos que o demostran e subscribo a presente, en....., a..... de de 2021.

Asdo:



ANEXO V - AUTORIZACIÓN

D. /D^a....., con DNI n^o.....,
como representante da entidade deportiva.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE en cumprimento do apartado e) da cláusula 3^o das bases de convocatoria, e de acordo co apartado f) da cláusula 4^a, **AUTORIZO** ao Concello de Ponteareas para o acceso aos ficheiros das administracións publicas co fin de realizar as comprobacións de atoparse ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social, coa Facenda Publica da Comunidade Autónoma De Galicia e cos tributos municipais.

Ponteareas, a de de 2021

Asdo.:



ANEXO VI – DECLARACIÓN SUBVENCIONS

D. /D^a....., con DNI n^o.....,
como representante da entidade deportiva.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE se realiza durante o ano
obxecto da presente subvención o fin para o que esta foi concedida.

Así mesmo, **DECLARO** que esta entidade solicitou / non solicitou e recibiu / non
recibiu subvencións doutras administracións para o mesmo fin. En caso afirmativo,
indicar o detalle.

Para que así conste perante este Concello aos efectos de xustificación da subvención
concedida, suscribo a presente, en

Ponteareas, a de de 2021

Asdo.:

